



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/11766/2022 19/05/2022

Area / Unidade PERSONAL PE0000 MJIB	Documento 10816I05QO	
Código de verificación 	Expediente 108/2022/635	
5G4Z 561C 0H4X 2E05 13MA	Data 13-05-2022	

Asunto: Cobertura, en comisión de servicios, dun posto de técnico/a de Intervención da Edificación da Oficina Técnica do Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística.

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 16/02/2022 a directora da Área de Urbanismo, remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servicios, do posto de técnico/a de Intervención da Edificación da Oficina I.E.D.U. número 1613 da RPT.

Dita cobertura temporal de posto de traballo, solicítase porque considerase imprescindible para poder atender a carga de traballo existente na actualidade no Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística. En dito servizo, nestes momentos, apréciase un incremento notable do número de solicitudes de licenzas de obra, tanto de obra maior, como de pequenas rehabilitacións. Así mesmo, actualmente, o Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística ten pendente un elevado número de informes técnicos, feito que motiva a necesidade de cobertura dun posto de técnico/a de Intervención da Edificación.

Segundo.- Con data 24 de marzo de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada pola Área de Urbanismo:

1. Téc. Interv. da Edificación da Oficina Técnica I.E.D.U (Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística), referencia 1613

No citado anuncio, indicase o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto trab.	Gr.	N	Escala	Req. Espec.	Elem. Esp.
I.Ed.D.Urb.	UR4400	Ofi. Tec. I.E.D.U.	1613	T. Interv. Edif.	A1/A2	24	AE	5301; 4301; 4306	FR11 ED

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos

voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reserváraselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Segunda.- O xefe de Servizo de RR.HH. co conforme do director de Economía, Facenda e Rexime Interior con data 11/05/2022 (código verificación 305X405W475H682G0HF9), unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados así como o informe do servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística de data 02/05/2022 (código verificación 3D4M0U406M5F160V08F8), emite unha proposta de nomeamento de Dona M^a Adela Bande Porto, en comisión de servizos, no posto de técnica de Intervención da Edificación da Oficina Técnica do Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística (nº ref. 1613).

Terceira.- Considerando a urxente necesidade de cobertura dun posto de técnico/a de Intervención da Edificación da Oficina Técnica do Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística (nº ref. 1613) e con fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona M^a Adela Bande Porto, en comisión de servizos, ao posto de traballo de técnica de Intervención da Edificación da Oficina Técnica do Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística co número 1613 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto trab.	Gr.	N	Escala	Req. Espec.	Elem. Esp.
I.Ed.D.Urb.	UR4400	Ofi. Tec. I.E.D.U.	1613	T. Interv. Edif.	A1/A2	24	AE	5301; 4301; 4306	FR11 ED

Quinta. O posto de orixe de Dona M^a Adela Bande Porto, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto trab.	Gr.	N	Escala	Req. Esp..	Elem. Esp.
I.Ed.D.Urb.	UR4400	Ofi. Tec. I.E.D.U.	1616	T. Sup. Interv. Edif.	A1	22	AE	5301	FR11

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 151, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.



Sétima. - O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Destinar a Dona M^a Adela Bande Porto (NIF **7936***), en comisión de servizos, ao posto de técnica de Intervención da Edificación da Oficina Técnica I.E.D.U. (referencia posto 1613). As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto trab.	Gr.	N	Escala	Req. Espec.	Elem. Esp.
I.Ed.D.Urb.	UR4400	Ofi. Tec. I.E.D.U.	1613	T. Interv. Edif.	A1/A2	24	AE	5301; 4301; 4306	FR11 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada e á directora da Área de Urbanismo.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas